



15 de xuño de 2012. ADEGA vén de denunciar a **incorrecta xestión de dous espazos costeiros**, a praia e dunas da Corna e a praia de Coroso. Na Corna, o concello de Ribeira levou a cabo unha "limpeza" da praia con maquinaria pesada. Neste areal aniña unha ave ameazada, a **pílara das dunas**

(*Charadrius alexandrinus*) cuxa principal ameaza é o turismo desordeado, e que este ano estrea Plano de Conservación. Tamén en Coroso (Ribeira) as dúas parellas que aniñaron este ano perderon súas postas tras outra limpeza mecánica da praia. Voltando á Corna, o concello da Pobra procedeu tamén a desbrozar as pasarelas sobre as dunas,

eliminando fora endémica en perigo de extinción

e invadindo cos tractores hábitats de protección prioritaria (Directiva 92/43 CEE). Dáse a circunstancia que ambos areais ostentan o distintivo da

Bandeira Azul

, marca comercial que pouco ten que ver coa conservación dos ecosistemas costeiros senón máis ben coa propaganda turística dos concellos.

A pílara das dunas é unha ave ameazada que aniña directamente sobre a area nas partes altas da praia, e que nos últimos anos veu sendo obxecto de labores de recuperación por parte de institucións e ONGs. Precisamente nas dunas da Corna, ADEGA en colaboración coa D. X. de Costas do Estado e a D. X. de Conservación da Natureza da Xunta, vén desenvolvendo un proxecto de voluntariado (

[Proxecto Corna](#)

) encamiñado a preservar o ecosistema dunar, eliminar especies invasores e propiciar a conservación da pílara das dunas. Construíronse pasarelas sobre as dunas, limitouse a circulación e o aparcamento de vehículos e instaláronse cartaces informativos para expoñer o valores naturais, regular os usos e reducir os impactos sobre o medio.

